

Corrección de erros.-Resolución do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2010, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 227, do 19 de novembro de 2009, é necesario facer a seguinte corrección:

-No anexo II, provincia de Lugo, na páxina 18.019, onde di: «48. Portomarín: 30 de xuño, San Pedro; 6 de setembro, Luns das Festas do Cristo da Victoria», debe dicir: «48. Portomarín: 29 de xuño, San Pedro; 6 de setembro, Luns das Festas do Cristo da Victoria».

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 16 de febreiro de 2010 pola que se publica o plan de estudos de graduado ou graduada en Lingua e Literatura Galegas.

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, así como a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia, e establecido o carácter oficial do título por Acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 2009 (publicado no BOE do 5 de xaneiro de 2010 por Resolución do secretario de Estado de Universidades do 13 de novembro de 2009).

Esta reitoría, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2008, resolve publicar o plan de estudos conducente á obtención do título oficial de graduado/a en Lingua e Literatura Galegas, que quedará estruturado segundo consta no anexo.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2010.

Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Grao en Lingua e Literatura Galegas

Rama de coñecemento: Artes e Humanidades

1. Estrutura das ensinanzas.

1.1. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS.

Tipo de materia	Créditos ECTS
Formación básica	60
Obrigatorias	144
Optativas	24
Traballo fin de grao	12
Créditos totais	240

1.2. Créditos de formación básica. Distribución en materias.

Rama de Coñecemento	Materia R.D. 1393/2007, do 29 de outubro	Materias vinculadas	ECTS	Curso
Artes e Humanidades	Lingüística	Lingüística 1	6	1º
Artes e Humanidades	Lingua	Lingua galega 1	6	1º
Artes e Humanidades	Idioma moderno/Lingua/Lingua clásica	Lingua B1 (*)	6	1º
Artes e Humanidades	Idioma moderno/Lingua/Lingua clásica	Lingua C1 (*)	6	1º
Artes e Humanidades	Literatura	Teoría e crítica literaria	6	1º
Artes e Humanidades	Lingua	Lingua galega 2	6	1º
Artes e Humanidades	Idioma moderno/Lingua/Lingua clásica	Lingua B2 (**)	6	1º
Artes e Humanidades	Idioma moderno/Lingua/Lingua clásica	Lingua C2 (**)	6	1º
Artes e Humanidades	Lingüística	Lingüística 2	6	2º
Artes e Humanidades	Literatura	Conceptos fundamentais de teoría literaria e literatura comparada	6	2º
Total créditos ECTS			60	

1.4. Plan de estudos resumido (por curso académico).

Primeiro curso

Materia	Carácter	Créditos
Lingüística 1	Formación básica	6
Lingua galega 1	Formación básica	6
Lingua B1 (*)	Formación básica	6
Lingua C1 (*)	Formación básica	6
Introdución á literatura galega 1	Obrigatorio	6
Teoría e crítica literaria	Formación básica	6
Lingua galega 2	Formación básica	6
Lingua B2 (**)	Formación básica	6
Lingua C2 (**)	Formación básica	6
Introdución á literatura galega 2	Obrigatorio	6

Segundo curso

Materia	Carácter	Créditos
Lingüística 2	Formación básica	6
Introdución á gramática galega	Obrigatorio	6
Dialectoloxía galega	Obrigatorio	6
Fonética e fonoloxía do galego	Obrigatorio	6
Complementaria 1 (***)	Obrigatorio	6
Conceptos fundamentais de teoría literaria e literatura comparada	Formación básica	6
Gramática textual do galego	Obrigatorio	6
Historia da lingua galega	Obrigatorio	6
Literatura galega medieval	Obrigatorio	6
Complementaria 2 (***)	Obrigatorio	6

Terceiro curso

Materia	Carácter	Créditos
Pragmática do galego e análise do discurso	Obrigatorio	6
Lingua galega oral, escrita e estándar	Obrigatorio	6
Fonética e fonoloxía históricas do galego	Obrigatorio	6
Complementaria 3 (***)	Obrigatorio	6
Optativa 1 (***)	Optativo	6